

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026698	IES Espiñeira	Boiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua castelá e literatura I	1º Bac.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	26
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	31

1. Introducción

Utilizamos continuamente a lingua, pero non sempre reflexionamos sobre o que son as palabras, como se crean e se transforman, como se organizan, ou o que se pode facer con elas. En esencia, diso trata esta materia: de analizar e coñecer mellor o noso sistema de comunicación máis útil, de manexalo con soltura e de apreciar o que moitos escritores e escritoras souberon facer con el.

O propósito da materia de Lingua Castelá e Literatura oríentase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer o uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos, e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura en bacharelato marcan unha progresión con respecto aos da educación secundaria obrigatoria, dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento con respecto á ESO consiste nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Proponse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que afonde na relación continua entre pasado e presente.

Un dos fins principais desta etapa educativa é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a plena realización persoal e social. Na sociedade de información actual en continuo cambio, isto supón ampliar as tarefas da clase de Lingua Castelá e Literatura máis aló das dirixidas á adquisición do coñecemento gramatical mediante a reflexión sobre textos, especialmente literarios.

No século XXI, resulta imprescindible aceptar un novo concepto de alfabetización que implica saber xestionar adecuadamente o inxente caudal de información co que nos atopamos. É preciso articular mecanismos que nos permitan obter información pertinente, planificar o mellor modo de comunicala atendendo a unha finalidade e a un contexto concretos, aprender a avaliala e comunicala de maneira ética. Esta alfabetización convértese así nun dos obxectivos principais do ensino da lingua. Só o seu logro permitiralles aos cidadáns participar eficazmente na sociedade do coñecemento. As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Castelá e Literatura deben adestrar o alumnado no uso das ferramentas coas que poderán dar resposta aos retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Por iso, o traballo transdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento. Con respecto á competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. A adquisición dunha plena competencia comunicativa inclúe un achegamento ao feito cultural e literario a través da lectura.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado invita ao tratamento integrado das linguas como o mellor camiño para estimular non só a reflexión interlingüística senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, nos que a miúdo se han de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. «As linguas e os seus falantes», «Comunicación: comprensión oral e escrita», «Comunicación: expresión oral e escrita», «Educación literaria» e «Reflexión sobre a lingua». Estes cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 1º de bacharelato nas seguintes unidades didácticas:

1. As variedades lingüísticas. Nesta unidade didáctica, trátase de recoñecer e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español.
2. Os textos do mundo académico. Aquí traballaremos os tipos de textos máis habituais no ámbito académico: os traballos monográficos, os resumos, as presentacións orais, os comentarios críticos, etc.
3. A literatura medieval. Esta unidade está dedicada ao estudo da literatura medieval nos seus textos.
4. A lingua como sistema: Fonoloxía e Morfoloxía. Unidade centrada no estudo da estrutura interna da palabra e nas súas unidades.

5. Os textos dos medios de comunicación. Nesta unidade, traballaremos os tipos de textos máis frecuentes dos medios de comunicación social (xornalísticos e publicitarios).
6. A literatura renacentista e barroca. Esta unidade dedicárase ao estudo dos trazos xenéricos, formais e temáticos da literatura renacentista e barroca a través dunha selección dos textos máis relevantes do período.
7. A lingua como sistema: Sintaxe e Semántica. Analizamos aquí as relacións entre palabras, tanto polo seu significado como pola maneira en que se combinan para formar estruturas superiores, en concreto sintagmas e oracións.
8. A literatura ilustrada e romántica. Esta unidade abordará o estudo da literatura ilustrada e romántica a partir dunha selección dos seus textos máis destacados nos que se indagará para localizar as principais características temáticas e formais dos mesmos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de España e a riqueza dialectal do español, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para refutar os estereotipos e prexuizos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando tanto a súa calidade como a súa fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto a diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes da literatura española e hispanoamericana, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Consolidar e profundar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Poñer as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e evitando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As variedades lingüísticas	Nesta unidade didáctica, trátase de recoñecer e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español, así como as diferenzas e interseccións entre lingua oral e lingua escrita. Mediante a comparación entre as linguas e entre os trazos dos distintos dialectos do español, sensibilizarase sobre a necesidade de refutar prexuízos lingüísticos e sobre a importancia de evitar os usos discriminatorios da lingua.	10	9	X		
2	Os textos do mundo académico	Nesta unidade, centrarémonos nos tipos de textos máis habituais no ámbito académico: os traballos monográficos, os resumos, as presentacións orais, os comentarios críticos, etc. Constitúen o elemento fundamental da avaliación e da cualificación en todas as materias; por iso é polo que a súa análise ten especial interese.	10	15	X		
3	A literatura medieval	Esta unidade dividirase en dúas partes. A primeira abordará o estudo dos textos literarios, a súa intención comunicativa, as	10	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A literatura medieval	<p>características da linguaxe literaria e os trazos que definen os moldes xenéricos aos que se adscriben. A segunda centrarase na lectura e análise dunha escolma dos textos máis significativos da literatura medieval. Desde o punto de vista da lírica, achegarase ao alumnado aos primeiros vestixios peninsulares en lingua romance, á lírica primitiva popular, á culta, á poesía cancioneril e aos grandes autores do s. XV. Na narrativa, realizarase unha aproximación á épica, o mester de clerecía, os romances, a narrativa medieval dos s. XII-XIV, a novela do s. XV e a Celestina. Como tarefa final, o alumnado, distribuído en grupos, escollerá unha das modalidades literarias propias do período e elaborará un vídeo que condense os trazos, obras e autores/as máis destacados/as da mesma. Finalmente, cada estudante redactará un conto, seguindo a estrutura do Conde Lucanor.</p>	10	12	X		
4	A lingua como sistema: : Morfoloxía	<p>Imos profundar agora no estudo da palabra. Entramos de cheo, por tanto, no ámbito da Morfoloxía. Esta disciplina ocúpase da estrutura interna das palabras para delimitar, definir e clasificar as súas unidades. Así mesmo, céntrase nas clases de palabras ás que dá lugar (Morfoloxía flexiva) e na formación de novas palabras. Existen outros aspectos lingüísticos que afectan á palabra e non son obxecto de estudo da Morfoloxía, como o significado (Semántica) ou a función (Sintaxe). A palabra foi durante séculos a unidade fundamental da Morfoloxía. De feito, o concepto de palabra é dos máis universalmente coñecidos. Con todo, é unha unidade moi heteroxénea, difícil de definir, posto que as palabras teñen unha composición e unha formación moi diversa, unha significación de extensión variable, múltiples formas externas e diferentes funcións; é dicir, son tan distintas entre si e hai tan poucas características comúns a todas elas, que a súa definición é practicamente imposible.</p>	20	15		X	
5	Os textos dos medios de comunicación	<p>Nesta unidade, traballaremos os tipos de textos máis frecuentes dos medios de comunicación social (xornalísticos e publicitarios), pois a diario estamos en contacto con estas mensaxes que crean e fomentan hábitos, modelan actitudes e moitas veces deforman a realidade. Por iso, resulta especialmente interesante</p>	10	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Os textos dos medios de comunicación	analizalas desde un punto de vista crítico. A influencia da publicidade sobre o individuo nunha sociedade de consumo está fóra de toda dúbida. Por iso, imos traballar a mensaxe publicitaria en toda a súa complexidade: o concepto de publicidade, os estereotipos e valores que manexa, a súa finalidade, a interrelación de códigos (lingüístico, visual e auditivo), etc.	10	15		X	
6	A literatura renacentista e barroca	Esta unidade dedicárase ao estudo dos trazos xenéricos, formais e temáticos da literatura renacentista e barroca a través dunha selección dos textos máis relevantes do período. Na lírica, o alumnado achegarase á produción de Garcilaso, Fray Luis, San Juan, Lope, Góngora e Quevedo. Na narrativa, realizarase un percorrido polos principais tipos de novelas para deterse na revisión do Lazarillo, da obra de Cervantes e da prosa didáctica do XVII. Examinaranse as características do teatro barroco e a produción de Lope e Calderón. Como tarefa final, asignarase a cada grupo a creación dun muro dixital que inclúa a liña do tempo cos principais fitos históricos do XVI e XVII, ligazóns sobre o seu significado artístico, características, autores e obras, análise dun texto de cada autor/a estudado, localización de tópicos, identificación dos temas en composicións pictóricas da época, comparación entre os trazos do pícaro e do cabaleiro e análise da pervivencia de ambas figuras na sociedade actual.	10	12		X	X
7	A lingua como sistema: Sintaxe e Semántica	Imos analizar agora as relacións entre palabras, tanto polo seu significado como pola maneira en que se combinan para formar estruturas superiores, en concreto sintagmas e oracións.	20	15			X
8	A literatura ilustrada e romántica	Esta unidade abordará o estudo da literatura ilustrada e romántica a partir dunha selección dos seus textos máis destacados, que serán comentados en clase, facilitando a localización das principais características temáticas e formais. Como proxecto final, proporase ao alumnado a creación dun REA arredor do concepto do amor romántico do s. XIX e as súas derivacións na actualidade. As fases da tarefa, realizada en grupos, serán as seguintes: identificación e investigación sobre mulleres escritoras no s. XIX; descrición e análise dos roles que desempeñan os personaxes femininos na literatura romántica; creación de infografías	10	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A literatura ilustrada e romántica	que inclúan a información atopada e as conclusións extraídas; actividades de gamificación, como a construción de diálogos orixinais entre distintos personaxes femininos do Romanticismo, a recreación actual dos finais das pezas máis significativas do s. XIX ou a elaboración dun Quen é quen? sobre os principais autores e autoras do Romanticismo nacional e europeo.	10	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As variedades lingüísticas	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe adecuada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado deberá tanto explicar o desenvolvemento sociohistórico e a situación actual das linguas de España como comparar as principais variedades dialectais do español en España e en América.	PE	25
CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	O alumnado terá que ser capaz de explicar os fenómenos de contacto entre linguas, así como identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.	TI	75
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	As alumnas e os alumnos deberán detectar, rexeitar e evitar os usos discriminatorios da lingua.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos no ámbito persoal, educativo e social.	No traballo en grupo, os alumnos e as alumnas deberán chegar a acordos de maneira pacífica, mediante o uso dunha argumentación eficaz e o respecto da diversidade de opinións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	En pequenos grupos, os alumnos e as alumnas investigarán sobre dereitos lingüísticos e modelos de convivencia entre linguas. Deberán presentar as súas conclusións sobre a sustentabilidade lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas de España. - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do español en España e en América. - Estratexias de reflexión interlingüística. - Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. A sustentabilidade lingüística. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita: aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	Os textos do mundo académico	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos propios do ámbito educativo.		
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Os alumnos e as alumnas terán que identificar, como mínimo, os principais mecanismos de cohesión nos textos escritos de carácter expositivo propios do ámbito educativo.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle e de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	O alumnado elaborará comentarios críticos sobre temas académicos ou de interese social. Valorarase a fiabilidade da información, a calidade, a corrección, a coherencia, a cohesión e a adecuación.		
CA3.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado analizará o grao de formalidade da situación, o propósito comunicativo, a canle e os elementos non verbais mediante o seu rastro na mensaxe (por exemplo, o uso de fórmulas de cortesía).		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado captará, como mínimo, a intención comunicativa, o sentido global dos textos orais do ámbito educativo e a relación entre as súas partes. Seleccionará e reterá a información relevante.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valorará nos textos orais do ámbito educativo a claridade expositiva, a dicción, a linguaxe corporal e a utilización de soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	O alumnado buscará e seleccionará información con criterios sólidos de fiabilidade, calidade e pertinencia.	TI	50
CA3.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen organizar e integrar a información en esquemas propios; e reelabora e comunica de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	O alumnado elaborará por grupos un traballo de investigación sobre un tema académico. Valorarase a fiabilidade e a pertinencia da información, así como a capacidade de expresala de xeito creativo.		
CA3.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta axeitada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles desvíos da información.	Para documentar o traballo de investigación, o alumnado deberá consultar diferentes fontes e amosar habilidade para verificar a veracidade da información obtida.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Respecto polas propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Creación de textos académicos.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística
- Producción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
3	A literatura medieval	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analizará as ideas fundamentais de textos complexos, identificando a intención do emisor, localizando as características da linguaxe literaria e valorando o seu efecto no receptor.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.		
CA4.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado usará dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión.		
CA4.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado deberá trasladar a análise de textos medievais do patrimonio nacional e europeo, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuío literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. - Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.

Contidos

- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
4	A lingua como sistema: : Morfoloxía	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Os alumnos e as alumnas recoñecerán correctamente as categorías gramaticais e relacionarán o predominio de determinadas clases de palabras coa tipoloxía textual e o propósito comunicativo.	PE	70
CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará as interconexións entre os niveis fonolóxico e morfolóxico da lingua mediante a observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.		
CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta. Tamén terá que identificar os procedementos de formación de palabras para solventar problemas de comprensión.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

Contidos
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
5	Os textos dos medios de comunicación	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos propios dos medios de comunicación.	PE	30
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valorará a coherencia e recoñecerá os principais mecanismos de cohesión nos textos escritos. Tamén identificará a expresión da subxectividade en textos dos medios de comunicación.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado analizará o grao de formalidade da situación, o propósito comunicativo, a canle e os elementos non verbais mediante o seu rastro na mensaxe.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	O alumnado buscará e seleccionará información de textos propios dos medios de comunicación con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia.	TI	70
CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Para documentar a reportaxe, o alumnado deberá consultar diferentes fontes e amosar habilidade para verificar a veracidade da información obtida.		
CA2.7 - Identificar e resolver problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado será capaz de deducir o significado de determinadas palabras a partir do contexto no que son utilizadas.		
CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realizará unha reportaxe de 5 minutos con fluidez e coherencia, usando o rexistro adecuado e adaptándose ao tempo dispoñible. Prestará atención á dicción e á linguaxe non verbal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Como mínimo, os alumnos e as alumnas respectarán a quenda de palabra e evitarán as interrupcións nas interaccións orais.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado prestará especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e corrixir problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto. - Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol. - Contexto vinculado ás estratexias de produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos; canal de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación. - Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.

Contidos

- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego adecuado nos textos propios das formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade.
- Utilización de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Uso de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.

UD	Título da UD	Duración
6	A literatura renacentista e barroca	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analizará as ideas fundamentais de textos complexos, identificando a intención do emisor, localizando as características da linguaxe literaria e valorando o seu efecto no receptor.	PE	60
CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato dixital.		
CA4.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado elixirá autonomamente textos da literatura contemporánea que aborden tópicos renacentistas e barrocos, argumentará os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ela.	TI	40
CA4.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos renacentistas e barrocos, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado usará dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrigir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. - Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
7	A lingua como sistema: Sintaxe e Semántica	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá explicar a relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.	PE	80
CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará as interconexións entre os niveis morfolóxico, sintáctico e semántico mediante a observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.		
CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado recoñecerá funcións sintácticas da oración simple e composta e solucionará problemas de comprensión analizando as relacións semánticas e os valores denotativos e connotativos das palabras.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
8	A literatura ilustrada e romántica	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analizará as ideas fundamentais de textos complexos, identificando a intención do emisor, localizando as características da linguaxe literaria e valorando o seu efecto no receptor.	PE	75

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	O alumnado elaborará traballos de investigación e expresará as súas conclusións argumentadas sobre as autoras da literatura romántica e os principais roles dos personaxes femininos do período.		
CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura española obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado será quen de colaborar axeitadamente na creación dun REA arredor do concepto literario do amor romántico, orixinario do s. XIX, e as súas derivacións actuais noutras expresións artísticas.		
CA4.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado será quen de elixir e ler de maneira autónoma textos da literatura contemporánea e expresar de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ela.	TI	25
CA4.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos da Ilustración e o Romanticismo, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a

Contidos

- xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.
- Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura no bacharelato pretende desenvolver o pensamento de carácter abstracto e formal, ademais de afianzar as capacidades e destrezas de índole persoal, social e académica, favorecendo a autonomía do alumnado e, ao mesmo tempo, estimulando as súas destrezas para o traballo en equipo. Este enfoque metodolóxico está baseado fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas.

Polo tanto, o currículo da materia propicia o acceso directo ao coñecemento por parte do alumnado, sen necesidade de que o profesor ou profesora adopte o rol de transmisor ou formador único, outorgando unha maior importancia á indagación, á consulta e selección da información e ao tratamento e transformación desta en coñecemento a través do emprego das TIC, como fontes de acceso ao saber e como ferramentas de presentación de traballos, respectando as convencións da tipoloxía textual utilizada. Esta perspectiva procura capacitar o alumnado para aprender a aprender, realizando as inferencias necesarias, achegándose ao coñecemento dos distintos xéneros e movementos literarios, vinculándoos con outras expresións artísticas e establecendo as asociacións pertinentes entre os diferentes elementos que conforman o sistema lingüístico.

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible conferirlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, vincular e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a enriquecer os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen, ademais, a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado, baseados en contextos auténticos e recoñecibles, que reforcen o seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Estes principios han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en

conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido. Polo tanto, planificarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades complexas a partir de textos extraídos do ámbito académico, de forma que o alumnado deba empregar un amplo abano de recursos e saberes para poder afrontar con eficacia as situacións comunicativas propostas, favorecendo o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas.

3) Emprego de estratexias para traballar transversalmente a comprensión e a recomendación lectora a través da expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e o fomento da creatividade:

- Lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal para suscitar reflexión e debate sobre a experiencia lectora de cada alumno ou alumna, establecendo vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos, autores e autoras, tópicos e manifestacións artísticas e culturais.

- Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información relevante, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta e completa comprensión, recoñecer a relación entre a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura interna e externa e interpretar os fragmentos propostos, tendo en conta as súas características formais e temáticas.

- Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis e textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

- Lectura guiada, comprensiva e expresiva de textos pertencentes á literatura clásica, desde a Idade Media ata o Romanticismo, para a identificación de itinerarios temáticos e xenéricos, a análise dos seus elementos constitutivos, os seus efectos no receptor, a localización da información sociohistórica, cultural e artística asociada á tradición literaria á que representa e os seus vínculos intertextuais.

- Configuración de grupos de traballo colaborativos para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos da literatura, a historia, a sociedade e a actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse REA, actividades de gamificación, catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios, entre outros.

- Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través dunha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios referidos á forma e ao contido dos fragmentos propostos, vinculándoos temática e/ou estilisticamente con outras expresións ou manifestacións artísticas.

8) Creación de textos con intención literaria e conciencia de estilo a partir de modelos dados ou de discursos non literarios, en distintos soportes, respectando os diferentes moldes xenéricos.

9) Deseño de proxectos de investigación sobre temas curriculares que impliquen a procura e selección da información procedente de diversas fontes e a súa transformación nun produto final a través do que o alumnado transfira as súas propias conclusións e as comunique de xeito orixinal e creativo.

10) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.

11) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

12) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor ou profesora.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar con discursos extraídos do ámbito académico, pero tamén dos xéneros xornalísticos e da publicidade, que aproximen os e as estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión, comentario e crítica, pretende enriquecer a experiencia lectora do alumnado, a través de textos e autoras ou autores relevantes da literatura clásica e contemporánea, procedentes do patrimonio nacional, europeo e universal. Así mesmo, convén insistir no deseño de actividades que favorezan o desenvolvemento do pensamento abstracto e asociativo dos e das estudantes, establecendo as relacións histórico-culturais entre as obras literarias e outras manifestacións artísticas ou filosóficas do mesmo ou distinto período cronolóxico. Planificaranse, polo tanto, tarefas nas que prime a análise intra e intertextual, así como o estudo da evolución dos temas, tópicos, estruturas e códigos comunicativos ao longo da historia de literatura, en comunión cos cambios na mentalidade e na organización social operados desde a Idade Media ata a actualidade.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade persoal, social e académica do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es

Diccionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com

Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html

Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

Páxina web do INTEF (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

Apuntes de Lengua: <http://www.apuntesdelengua.com/>

Didactalia: <https://didactalia.net/comunidad/materialeducativo>

Proyecto Aula: <https://lenguayliteratura.org/proyectoaula/>

Educación 3.0: <https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/blogs-lengua-castellana-literatura-eso-bachillerato/>

En un lugar de la red: <https://enunlugardelared.wordpress.com/recursos-tic/>

educaLAB: <http://educalab.es/recursos/historico/asignaturas/lengua-castellana-literatura>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de curso, elaborárase unha proba escrita con dúas partes: comentario de texto e cuestionario tipo test. O comentario de texto avalía especificamente a capacidade de comprensión e expresión escrita, e o test recolle os contidos curriculares básicos da materia a nivel de 4º de ESO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	20	10	10	20	10	100
Proba escrita	25	50	90	70	30	60	80	75	63
Táboa de indicadores	75	50	10	30	70	40	20	25	37

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderáranse dúas variables:

- Proba escrita.
- Traballos, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): formulación de dúbidas, traballos escritos, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións.

A ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas.

Avaliación final:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións, logo de aplicar o redondeo.

Criterios de recuperación:

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos, realizarase unha proba escrita sobre o contido específico desa avaliación. En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para a avaliación final.

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame global. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global que se realizará no mes de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O profesorado en segundo de Bacharelato de cada alumno ou alumna coa materia pendente fará o seu seguimento durante o o curso. Establécense dúas vías para superar a materia pendente:

- Realización de dous exames parciais (decembro e abril) sobre o currículo de Lingua Castelá e Literatura en 1º curso de Bacharelato. En cada unha destas probas, o alumnado examínase de catro unidades didácticas.

A materia quedará superada en calquera destes dous supostos:

---- Os dous exames teñen avaliación positiva.

---- A media aritmética entre os dous exames é igual ou superior a 5.

A cualificación que constará será a nota media aritmética con redondeo.

- En caso de non ter superada a materia polo procedemento anterior, a xefatura do departamento deseñará unha proba escrita final sobre o currículo da materia de 1º curso de Bacharelato coa seguinte estrutura:

---- Comprensión e expresión escrita ou multimodal (3 puntos): resumo dun texto e esquema ou comentario.

---- Unha pregunta sobre as linguas e os seus falantes (2 puntos).

---- Unha pregunta de reflexión sobre a lingua (2 puntos).

---- Dúas preguntas de Literatura (3 puntos).

A data desta proba será fixada pola xefatura de estudos. A cualificación que constará será a nota desta proba escrita unha vez aplicado o redondeo.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede nesta materia.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os alumnos e as alumnas, sexa cal sexa a súa condición persoal, poden aprender sempre que a súa contorna educativa ofrezca condicións necesarias de acceso e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.

- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de

linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.

- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.

- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.

- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Así mesmo, empregaranse as ferramentas elaboradas pola Consellería para a prevención, detección precoz e tratamento da diversidade, como son os protocolos específicos dirixidos a favorecer a inclusión educativa do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A defensa dos dereitos humanos.	X				X			X
ET.2 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.	X	X			X	X		X
ET.3 - O respecto polas diferenzas.	X		X					
ET.4 - A formación estética.			X			X		X
ET.5 - O compromiso co desenvolvemento sostible.					X			
ET.6 - A educación para a saúde.					X			
ET.7 - O fomento do espírito crítico e científico.		X		X			X	

Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. A materia de Lingua Castelá e Literatura debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de autores e autoras.	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e as autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.			
Organización dun club de lectura.	Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética.			
Gravación de podcast con comentarios de textos literarios do programa.	O alumnado pode gravar comentarios de textos literarios de clase e facer unha posta en común dos trazos máis significativos deses textos co resto de compañeiros e compañeiras de clase. O comentario enriqueceríase coas aportacións de todo o alumnado de clase.			
Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos.	Esta actividade, conectada con traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os estudantes.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Lecturas en novos formatos dixitais. Achegamento a narrativas trasmedia.	Esta proposta desenvolve competencias lectoras diferentes ás do libro impreso. A lectura dos novos xéneros dixitais como o blogue, as wikis e as redes sociais prodúcese de maneira fragmentada, cun protagonismo extraordinario do lector, que non só interpreta o texto senón que é o creador do itinerario de lectura, apoiándose no hipertexto fronte á linealidade da lectura tradicional.			
Obradoiro de escritura creativa.	Este obradoiro permitirá achegarnos á linguaxe desde un enfoque máis vivencial. Implica un traballo coa escritura e coa a lectura, en tanto que son competencias transversais no currículo académico. Supón reforzar a capacidade de comprensión do alumnado, a adquisición dun espírito crítico, o desenvolvemento da creatividade e dun hábito lector.			
Cine-Fórum.	O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar películas baseadas nalgúns dos libros lidos en clase ou nos clubs de lectura do centro. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as habilidades de comunicación do alumnado, as habilidades sociais (destrezas conversacionais tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima dos participantes.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo).
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Aplicáronse os procedementos e os criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspena.

Metodoloxía empregada
Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Explicáronse e corrixióronse as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Medidas de atención á diversidade
A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará dispoñible para a comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.

- As actividades desenvolvidas adaptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuadas ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adapta-se ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados

1. Recursos

A realización de clases en aula de informática dependerá da propia organización do Centro e os recursos informáticos dispoñibles- Neste curso é difícil dispoñer da aula de informática, co cal poden verse menos tratados algún contidos da programación e tratarán de traballarse doutro xeito